



## Parlamento das Letras: Antonio García Teijeiro

Publicado o [15/11/2012](#)

*Por veces ás palabras nácelles un ventíño dentro, unha música soletreada que se ergue en volutas ata os oídos de quen sabe escoitar. E hai odores que botan a vida a procurar esa epifánica harmonía. Son cazadores de verbas, de ecos e reverberacións, mestres da psicoacústica literaria que diapasonan a escrita cantaruxándoa.*

*Desa lírica condición évos Antonio García Teijeiro. E non porque se recoñeza dylanmaníaco ata a medula, que tamén, senón porque a súa escrita non entende de lindeiros cando do que se trata é de vibrar co asubío transparente das palabras. Por iso moitos saben del pola súa poesía ou narrativa infantoxuvenil, na que é referencia indiscutible, pero os máis lidos han recordar tamén que os seus comezos ancoran nos versos para maiores e non esquecerán que o ensaio, a prosa poética e mesmo a tradución tampouco teñen segredos para os acordes da súa pluma.*

*Os poemas de García Teijeiro foron musicados por Ibáñez ou Antón Seoane e impregnáronse da maxia modulada de Cohen ou Aute. Con compañas desa prez, como non han arrastrar as súas letras?*

*Así pois, convén agora escoitar a súa canción, a mensaxe que entoa o pensamento, subir pola escada pitagórica dunha harmonía de esferas na que vai degraendo sabia doxa en melodías sempre gratas.*

### —Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro libro foi unha edición de autor. Levaba moitos anos cos meus deuses e os meus demos dentro en loita perpetua. Ás veces, sentíame case atormentado. Non me gustaba o que me rodeaba. Ese país que me anegaba nunha néboa abafante que non esvaecía nunca. Necesitaba botar fóra moita carraxe, atopar respostas a preguntas que eu me facía inxenuamente, e non tanto. Comecei a escribir unha poesía de ferro. Precisaba das palabras para berrar intimamente e, en certos casos, en voz alta. E só recibía labazadas. Con elas escribín unha poesía case vomitada. E saíu *Parolando coa vixencia*. Deste libro, unha vez consolidada a miña obra anos despois, fixen unha edición non venal, con textos de meu fillo Antón, de Manuel Veiga, en versión bilingüe que traduciu Alba Piñeiro, para comprender eu mesmo, co paso do tempo, de onde viña realmente, quen era, que significado chegaron a ter para min tantos momentos vividos. Ese é, quizais, o único mérito desta primeira obra. A segunda, para adultos, saíu en Edicións Xerais da man da inesquecible Xela Arias, a quen lle encantou *Retorno ás lamentos* e publicouna na colección de poesía Ventobranco que ela dirixía.

Pero eu, como mestre, precisaba de textos para os nenos. Non había moito. Máis ben, case nada. O primeiro, Manuel María; tamén Helena Villar, Xesús Rábade, David Otero, Palmira G. Boullosa e pouco máis.

Pensando nos meus alumnos comecei eu a publicar (que non a escribir; son cousas ben distintas) e, da man de Carlos Casares, apareceron *Coplas* e *Nenos* (pouco máis tarde, *Aloumiños*) na vangardista e interesantísima colección Tartaruga. Ese foi o principio. Non sabía eu a chea de sorpresas positivas que me reservaba a carreira literaria.

**—Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

Non me podo queixar do trato que recibiron, en xeral, as miñas obras. Hai moita xente que entende a miña dedicación á poesía (sen esquecer libros de contos e tres novelas) e levo satisfaccións incribles na voz dos nenos e dos mestres e mestras que cren firmemente na presenza da poesía nas aulas. Non vou dar nomes nesta primeira parte da pregunta, aínda que non resisto dicir que *Na fogueira dos versos* me deu alegrías de toda clase.

En canto á máis desapercibida, talvez, *Palabras envoltas en cancións*. Un experimento de poesía rimada e minirrelatos poéticos a partir de versos de cancións de distintos músicos e intérpretes que deixaron pegada en min. Que me pareceron suxestivos para crear. A razón? Posiblemente que saíu nunha colección fracasada como foi Sete mares, cun formato moi pequeno, sen ningún encanto e que, coido, non se moveu como debería. Pero a xente que traballou (e traballa) co libro fíxoo dun xeito entusiasta e sempre me comentan que lles dá un resultado extraordinario.

Penso que, entre os libros dos que estou moi satisfeito e non tiveron o seguimento que merecían están *Petando nas portas de Dylan*, *Chove nos versos* (que gran traballo de Lázaro Enríquez!) ou *Paseniño, paseniño*. Iso si, cando caen nas mans de persoas que aman a poesía son moi valorados. Deste último libro citado, Paco Ibáñez compuxo tres cancións cos meus poemas e díxome que lle podería poñer música a un bo número deles. Isto é do máis grande que alguén me podía dicir.

**—Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Eu sempre escribo á man. Tomo notas nun caderno, nun pano de mesa, nun anaco de papel... e logo péchome e vou dándolle forma ao que alí está escrito. E fágoo entre libros, rodeado de obxectos que me producen sensacións moi positivas. En todos os casos, con música: blues, clásica, jazz ou, como no caso de *Petando nas portas de Dylan*, escoitando ininterrompidamente os cedés do vello Bob, unha desas persoas que máis me influíron na miña vida coa súa música, a súa voz e os seus textos por riba de todo. Aproveito para dicir que os Beatles me amosaron o camiño da rebeldía, déronme forzas para rachar hábitos enfermos, e Bob Dylan e Paco Ibáñez introducíronme na poesía.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, a pé de que autores/as preferirías figurar?**

Eu teño un respecto enorme por todos aqueles homes e mulleres que expresan os seus sentimentos, a súa visión da literatura a través da vida ou ao revés. Respecto aqueles e aquelas que son auténticos, os que saben ler antes de decidir escribir para publicar. Gústame a honestidade. Fluxo dos grupos que exclúen. Amo o sorriso sincero e a ollada directa. E disto hai na nosa literatura, claro. Detesto os que fan da literatura unha presunción estúpida, a vaidade desmesurada e, como di Pessoa nun dos seus aforismos “comprendo que un home sexa orgulloso; non comprendo que amose selo”. Así que, se penso no libro *Poetízate* de Fran Alonso,

me atopo feliz entre tantos autores e autoras de diversas épocas e estilos. Moitos han comprender que o corpus poético é como unha árbore enorme onde cada folla é un libro, mellor ou peor. Pero facendo algo universal. Todos somos necesarios, todos somos quen de deitar a chuva precisa para que a árbore non seque endexamais.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, que trazos salientarías?**

A miña traxectoria parte de algo moi lamentable. Cando era novo non lía, pero escribía. Eran uns poemas, uns relatos sen ningún interese, produto dun estado de ánimo hostil, crispado, que non me levaba a ningures. Tras comezar a descubrir autores/as, músicos (Dylan, Cohen, Paco Ibáñez, Aute...) sentín que me enchían ocos que eu presumía que estaban baleiros. Entón comecei a escribir poesía dura, dirixida aos adultos; unha poesía que sigo escribindo, xa en silencio, en voz baixa, para sobrevivir a tanta mediocridade. E continúo lendo obras de moi diversa procedencia. Interésame a poesía viva, próxima; a poesía capaz de emocionar e que chega a facerche comprender o que é a dignidade neste mundo.

O segundo trazo está marcado pola LIX. Dediqueime en corpo e alma a ela e estou moi feliz. Agora semella que se entende máis pero houbo épocas... en fin, que prefiro esquecer. Libros de contos, novelas e moitos poemarios. Estiven sempre atento ao que escribían persoas que rompían moldes. E moitas veces dende a música, para min algo imprescindible na miña vida. Non é certo que me repita porque beba na música. Cada libro intenta sempre abrir camiños aos lectores; a miña poesía ten diferentes características e valores, pero sempre hai poemas en cada libro que invitan á relectura, o que quere dicir que provocan a reflexión.

Podía resumir o meu itinerario socioliterario dicindo: carraxe / lectura fonda / deixei de sentirme baleiro / literatura infanto-xuvenil / seguir escribindo poesía para os adultos / lectura/ compromiso literario e social / compromiso cos cativos e cativas / animar os mestres a que introduzan a literatura nas aulas/ lectura / máis lectura /abrir moitas portas aos lectores / poesía, poesía, poesía...

**—Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Sempre teño varios libros abertos: poesía, LIX, dietario (ou diarios), novela, ensaio ou un libro sobre música. Diversifico a miña lectura. Necesito liberdade para ler, non quero sentirme mediatizado polo tempo, polos xéneros. A lectura como acto libre, que mira cara ao horizonte, un terreo limpo e despexado. Leo con intensidade e esixo fondura nas formulacións literarias. Non me agrada ler máis do mesmo. Coas lecturas baleiras non podo. Abúrrenme. Non concibo, nestas alturas da miña vida, a literatura para pasar o tempo. Iso si, no mes de xullo rompo co que viña lendo ao longo do ano e sempre tento descubrir autores de novela negra. Unha vez máis para liberarme. Mais neste acto liberador non deixo de buscar certa calidade literaria.

A que autores regreso con frecuencia? Pois aos dietarios de Andrés Trapiello, a Rosalía (que sempre vai comigo), a Fole (encántame a súa forma de narrar), a Celso Emilio Ferreiro (tan próximo por varias razóns), a Casares, a Cunqueiro, a Pessoa, a Eugénio de Andrade, a Lorca, a Machado, a Szymborska, a García Márquez, a Borges, a Cortázar, a Modiano, a Rodari, a R. Dahl, a María Gripe... a toda esa xente marabillosa que me marcou ao longo da miña traxectoria. Ademais de ler a miúdo o que vai saíndo na nosa LIX. E mesmo o Quixote, unha obra que me engaiola. Voume permitir aconsellar dous grandes poetas actuais: Eloy Sánchez Rosillo e Jenaro Talens. Son extraordinarios.

**—Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

Eu creo que lle faltan lectores/as. Custa moito que a xente lea en galego. Hai moito traballo por diante e torpedéase con demasiada frecuencia todo proxecto en galego con mentiras pensadas para deformar a realidade. Hai unha chea de discursos que dan noxo. Non sei como se pode ser tan ruín. Precisamos, coido, de máis escritores/as con “voz propia” que dean fondura á escrita. E que conste que xa hai, pero non sobran. Tamén me gustaría que se lese máis esa literatura que marca e que modifica conceptos. Que se fuxa dos clichés moi utilizados. Que se valore a LIX para facer lectores/as sólidos pensando no seu presente e no seu futuro. Todo isto non impide que crea que a nosa literatura está a atravesar unha época magnífica, pois hai variedade de temas, editoriais que arriscan, xéneros que se teñen en conta (ai, de todos os xeitos, o teatro e a poesía...!).

Existe xente nova con ganas de innovar e outros que pretenden (e conseguen) fuxir do panfleto. Destaco as traducións que se están a facer doutras linguas (ademais de Galaxia e Xerais, saliento o labor de Rinoceronte), que, sen dúbida, enriquecen o noso panorama literario.

Boto en falta xornais e revistas en galego que prestarían maior atención ás nosas letras e lamento e aplaudo ese esforzo que hai que facer para que subsistan os suplementos literarios en galego. O “Faro da Cultura” do *Faro de Vigo* é un exemplo de proxecto literario noso, serio e rigoroso. Onde noto un grande avance de algo que se precisaba urxentemente é no eido da crítica. Hoxe hai críticos moi preparados que permiten que teñamos referencias do que vai saíndo do prelo e fan visible unha boa parte do que se publica no noso país.

Para rematar dúas cousas: a primeira, desexo unha maior atención á LIX (xa se vai conseguindo), ademais de darlle o prestixio que ten; a segunda, salienta o conxunto de blogues que existen nos que podes entrar e deixarte guiar polo que neles se di.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, que non te perdoarías non deixar escrito?**

Eu considero que o que desexaba escribir xa o fun escribindo. E penso que ten bastante solidez. Botaba de menos unha antoloxía da miña poesía infantoxuvenil. E como se está a facer cun agarimo inmenso, teño que dicir que non me perdoaría absolutamente nada. Fixen o que fixen, con maior ou menor fortuna, con total liberdade. Neste eido son moi feliz.

Escribín e loitei a prol da poesía ata o máis profundo das miñas forzas.

**—Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

Algo (ou bastante) xa o dixeran noutra pregunta. Eu destacaría a normalidade literaria que comeza a haber. Saen constantemente autores e autoras con propostas interesantes. E conviven coas obras dos máis veteranos. O esforzo das editoriais é ben grande. Fan apostas nada doadas. E saen adiante. Gustaríame que a xente visitase as librarías. Que folleasen os nosos libros, agás excepcións, algo agochados entre o número de volumes publicados, bastantes deles sen interese ningún. Hai libeiros moi comprometidos co galego e a nosa literatura e debemos axudalos a subsistir para que non perdan o ánimo. Merquemos máis libros en galego, borremos os prexuízos e complexos e fagamos da nosa literatura algo que a permita seguir medrando en todos os sentidos.

**—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra**

Quero insistir en certos aspectos:

—Que as bibliotecas teñan lectores e se lles dea o equipamento que precisan. Os bibliotecarios séntense sós e hai que acompañalos. Están a facer un traballo marabilloso, duro e

incomprendido. Homes e mulleres loitando por unha sociedade lectora, demasiadas veces moi desilusionados.

—Que a literatura entre de verdade nas aulas. Que haxa medios. Que o profesorado sexa consciente da importancia da lectura na formación integral do alumnado.

—Que se valore os escritores/as que escriben para os cativos. Non son estes, seres de segunda categoría. Xa que logo, un autor ou autora de LIX é tan importante coma un pediatra. Non se valora o pediatra porque se dedica aos nenos/as? Pois convén tomar nota disto se falamos de literatura.

—Que se afasten os complexos con relación á literatura en galego. Que tanto as persoas da rúa coma os escritores lean, lean moito todo aquilo que os pode formar como persoas e como escritores.

—Que o teatro e a poesía teñan máis presenza física e real na sociedade. Que deixen a súa invisibilidade e poidan lerse ao pé da lámpada ou dicirse en voz alta; e que o teatro se represente nos escenarios con normalidade. Por certo, ler teatro resulta fascinante.

—Que as persoas non teñan medo a entrar nas librarías. Alí non traban. Que vexan os libros, que os folleen, que lean anacos, que demanden espazos de lectura e que se decaten da riqueza da nosa literatura. Pido que nas librarías teñan presenza real os nosos libros.

—Que as asociacións que fomenten a lectura se consoliden, pois están a facer un traballo impagable para que os cativos e os adultos coñezan e gocen coa literatura. Con humildade pero con constancia están a axudar a formar seres sensíbles, críticos e con bo gusto literario. Permítanme que saliente o traballo de Espazo Lectura. O seu labor é moi rico e atende a todas as vertentes da LIX con propostas moi interesantes. Pero hai máis, dende logo.

—Que a crítica, que xa se está consolidando, sexa honrada e honesta (estou seguro de que o é) e fuxa das filias e fobias que percibes nos diarios de tirada nacional e se rexan unicamente por motivos literarios. Subxectivos si, pero nunca perversos. Que existan críticos de nivel como hai eleva o prestixio da nosa literatura e deben ser conscientes do papel fundamental que están a desenvolver e a responsabilidade que contraen cada vez que falan dun libro.

—E á Administración non lle pido nada. Para que? Viven noutro mundo e quedei afónico de facer demandas das que pasan olímpicamente. E o peor é que non teñan mala conciencia. Increíble!

Non lles pido nada, aínda que deben abrir os ollos á realidade, á demanda cultural do noso país, que ten moita forza, aínda que a intenten afogar en silencio. E iso é moi duro e inxusto.